

1.1. Que é realmente a sostibilidade?

1. Introducción ao concepto de sostibilidade

O termo **sostibilidade** converteuse nunha das palabras máis empregadas do século XXI. Está presente en conferencias internacionais, en documentos políticos, en campañas publicitarias e mesmo no vocabulario cotián. Pero, que significa realmente?.

A definición máis aceptada procede do **Informe Brundtland (1987)**, no que a Comisión Mundial de Medio Ambiente e Desenvolvemento das Nacións Unidas explicaba que o **desenvolvemento sostible** é aquel que “satisface as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das futuras xeracións de satisfacer as súas propias necesidades”.

Isto supón entender que a Terra ten **recursos limitados** e que deben xestionarse de forma equilibrada para que as xeracións vindeiras poidan gozar das mesmas oportunidades.

No ámbito da **hostalaría e restauración**, a sostibilidade non se limita só a coidar o medio ambiente: tamén implica ofrecer condicións laborais xustas, apoiar a economía local e asegurar que os establecementos sexan rendibles a longo prazo.



2. Contexto histórico: de onde xorde a idea de sostibilidade

Para comprender mellor o concepto, é preciso mirar atrás:

- **Despois da Segunda Guerra Mundial (1945–1973):** moitos países viviron unha etapa de crecemento económico acelerado. O comercio internacional expandiuse e parecía que os recursos do planeta eran inesgotables.
- **Primeira crise do petróleo (1973):** puxo de manifesto a dependencia excesiva dos

combustibles fósiles e fixo evidente que os recursos naturais non eran infinitos.

- **Décadas de 1970 e 1980:** a sociedade comezou a ser máis consciente dos impactos ambientais da industrialización: contaminación, deforestación, perda de biodiversidade... Neste contexto naceron os primeiros movementos ecoloxistas.
- **Informe Brundtland (1987):** a ONU institucionalizou o termo *desenvolvemento sostible* e puxo en marcha a axenda internacional de políticas ambientais.

Desde entón, sucedéronse **cumes internacionais** (Río 1992, Kioto 1997, París 2015...) que foron marcando compromisos globais para reducir a contaminación e frear o cambio climático.



3. Os piares da sostibilidade: ambiental, social e económico.


O desenvolvemento sostible baséase en tres dimensións interconectadas que se coñecen como os **piares da sostibilidade**:

-  **Pilar ambiental:** ten que ver coa protección da natureza e a redución do impacto humano sobre o planeta. Implica conservar os ecosistemas, reducir emisións de gases de efecto invernadoiro, aforrar auga e enerxía, xestionar de forma responsable os residuos e promover o uso de recursos renovables.
-  **Pilar social:** céntrase nas persoas. A sostibilidade require igualdade de oportunidades, respecto polos dereitos laborais, acceso á educación e á saúde, e loita contra a pobreza e a exclusión social. No sector hostaleiro, isto significa ofrecer

condicións dignas de traballo, promover a igualdade de xénero e fomentar un trato responsable cos clientes e coa comunidade local.

- **€ Pilar económico:** refírese á viabilidade financeira dos proxectos. Un negocio sostible debe ser rendible, pero sen comprometer o medio nin a sociedade. Trátase de buscar modelos de produción e consumo que sexan eficientes e responsables, reducindo custos asociados ao desperdicio e xerando valor a longo prazo.

Estes tres piares represéntanse graficamente nun **triángulo da sostibilidade**, onde cada vértice simboliza un aspecto. Só cando se manteñen en equilibrio pode falarse de verdadeiro desenvolvemento sostible.



*<https://grun-engineering.com/sustentabilidad/>

4. A sostiabilidade como resposta ao deterioro ambiental

A industrialización masiva provocou problemas ambientais graves:

- **Contaminación atmosférica:** o aumento das emisións industriais xerou choiva ácida e empeorou a calidade do aire en cidades de todo o mundo.
- **Sobreexplotación de recursos:** moitas materias primas extraéronse sen control, provocando esgotamento de minas, acuíferos e bosques.
- **Deforestación e perda de biodiversidade:** grandes superficies forestais convertéronse en terreos agrícolas ou urbanos, reducindo o hábitat de miles de especies.



- **Cambio climático:** a acumulación de gases de efecto invernadoiro está a producir un aumento progresivo da temperatura global.

A sostiabilidade xorde, precisamente, como unha **resposta internacional fronte a estes problemas**, co obxectivo de atopar un modelo de crecemento que non destrúa o planeta

5. Marcos internacionais da sostibilidade

Ao longo das últimas décadas, a comunidade internacional adoptou diferentes acordos para afrontar estes retos:

- **Conferencia de Estocolmo (1972):** primeiro gran encontro mundial sobre medio ambiente.
- **Informe Brundtland (1987):** definición de desenvolvemento sostible.
- **Cume da Terra de Río (1992):** aprobación da Axenda 21 e convenios sobre cambio climático e biodiversidade.
- **Protocolo de Kioto (1997):** primeiros compromisos obrigatorios de redución de emisións de gases contaminantes.
- **Acordo de París (2015):** pacto global para limitar o quecemento global a menos de 1,5 °C.

Estes marcos establecen unha folla de ruta que tamén afecta ao sector hostaleiro, obrigando ás empresas a aplicar medidas de eficiencia enerxética, redución de residuos e responsabilidade social.



Las 10 claves del Acuerdo de París de un vistazo

Via: www.efeverde.com de la Agencia EFE



6. Exemplo aplicado á restauración

Un restaurante pode contribuír á sostibilidade aplicando medidas como:

- Servir produtos de tempada e de proximidade, reducindo a pegada de transporte.
- Instalar dispositivos de baixo consumo enerxético e sistemas de aforro de auga.
- Substituír plásticos dun só uso por envases reutilizables ou biodegradables.
- Garantir condicións laborais xustas ao persoal, con contratos estables e formación continua.
- Informar ao cliente das súas prácticas sostibles, creando unha imaxe de responsabilidade e diferenciación competitiva.

Sabías que... ?

A partir do ano 2015, coa aprobación da Axenda 2030 da ONU, establecéronse 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) que marcan as prioridades globais ata o ano 2030.

Algúns destes ODS afectan directamente á restauración: consumo responsable, traballo digno, igualdade de xénero, acción polo clima ou produción sostible.

7. Conclusión.

A sostibilidade non é só unha moda nin unha estratexia de marketing. É unha **necesidade global** que obriga a cambiar a forma en que producimos, consumimos e nos relacionamos coa contorna.

No sector hostaleiro, apostar pola sostibilidade significa garantir o futuro do propio negocio, responder ás demandas da clientela e contribuír a un planeta máis xusto e habitable.